cREAgal

Ficha da historia – Fase 4.4: Adaptación dos textos

1. Recordade estas normas para adaptar a vosa historia a lectura facilitada:

- Usade frases curtas e sinxelas.
- Unha idea por frase.
- Parágrafos pequenos, separados con liñas en branco.
- Evitade palabras difíciles ou pouco coñecidas.
- Escribide de forma clara para que calquera poida entender a historia.
- Lembrade quen le o libro: nenos, nenas, persoas doutros cursos, familias...

2. Título da historia adaptada:

A Santa Compaña Adaptada

3. Versión adaptada da vosa historia:

Un home volvía da feira.
Viña polo Camiño dos Arrieiros.

Fíxoselle de noite no Freixo.
De repente, viu unhas luces.
As luces viñan cara a el.

O home tivo moito medo.
Deuse conta de que era a Santa Compaña.

As ánimas collérono.
Obrigárono a camiñar con elas.

O home non podía resistirse.
Tiña que seguir andando cos defuntos.

Chegaron preto do río Sor.
O home acordouse de que levaba algo no peto.

Era unha moeda de cobre.
Nun lado tiña unha cruz.

Sacou a moeda e ensinoulle a cruz ás ánimas.
A Santa Compaña soltouno.
Marcharon cara a escuridade.

O home quedou libre.

"Ficha historia adaptada - Fase 4.4: Adaptación dos textos", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0